

## CONCRECIÓN CURRICULAR

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015688	CEIP Raíña Fabiola	Santiago de Compostela	2022/2023

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias	5
c) Os criterios para incorporar elementos transversais	6
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	7
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	8
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	9
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	9
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	13
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	13
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	14
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	16
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias	16
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	18
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	18

## **a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro**

Como obxectivo fundamental propónse fomentar unha educación o máis completa posible nun ambiente de traballo e respecto que permita a todo o noso alumnado dotarse de medios adecuados para a súa vida. Para lograr este obxectivo teremos en conta tanto a calidade do ensino como as necesidades específicas dos alumnos do noso entorno xeográfico.

O colexio é unha comunidade de convivencia, traballo e estudo: os seus obxectivos deben procurar a posibilidade que o noso alumnado poida ter un desenvolvemento humano e intelectual completo, nunha situación de convivencia de todos dentro dun marco de tolerancia e respecto á liberdade do individuo (personalidade, conviccións, ideoloxía ou crenzas).

Establecemos os seguintes obxectivos xerais en función dos diferentes ámbitos, humano, pedagóxico e institucional, da vida educativa:

- Potenciar as estruturas verticais e horizontais existentes no centro.
- Impulsar e poñer en marcha programas de innovación e formación que melloren o funcionamento do Centro.
- Favorecer o éxito escolar.
- Potenciar a aprendizaxe das materias instrumentais.
- Desenvolver Programas de Animación á lectura.
- Potenciar a utilización da biblioteca de aula e/ou de Centro.
- Inculcar hábitos de estudo correctos: Aprender a aprender.
- Unificar os criterios metodolóxicos.
- Impulsar a utilización das novas tecnoloxías.
- Favorecer unha cultura de avaliación.
- Potenciar a introdución dos temas transversais.
- Facilitar os recursos adecuados para o coñecemento das linguas oficiais ao alumnado procedente doutras comunidades e/ou países.
- Potenciar o coñecemento e uso dunha lingua estranxeira como vehículo de comunicación.
- Estimar a lingua galega como propia, dominándoa con coherencia tanto a nivel oral como na escrita, e como base de comunicación e asentamento de aprendizaxes posteriores.

- Contribuír á dinamización lingüística.
- Procurar a relación con centros do entorno e as institucións.
- Coordinar a actuación do equipo directivo e os distintos equipos de traballo.
- Dar a coñecer o Centro.
- Favorecer o proceso de adaptación.
- Favorecer a interculturalidade.
- Facilitar a comunicación entre as familia e o Centro Educativo.
- Favorecer as relacións interpersoais de cara á mellora da convivencia.
- Impulsar o proxecto de integración proporcionando ao profesorado os recursos para atender á diversidade.
- Promover o respecto de toda a comunidade educativa así como o coidado das instalacións do centro e do seu contorno.
- Desenvolver no alumnado actitudes sociais básicas para unha axeitada convivencia no marco da escola e da súa comunidade: favorecer a comunicación e o diálogo, a participación activa, o sentido crítico, a responsabilidade, o respecto polas ideas e traballos dos demais, a tolerancia e a cooperación, as actitudes pacíficas na resolución de conflitos.
- Incidir no respecto ao medio ambiente e a sostibilidade.
- Desenvolver no alumnado unha capacidade de razoamento acerca de cuestións sociais básicas: conservación do entorno, procesamento de residuos, reciclaxe de material de desfeito...
- Potenciar a utilización das TIC como recurso didáctico.
- Favorecer a atención personalizada do alumnado a partir do intercambio de información entre o equipo docente.
- Optimizar a xestión dos recursos económicos.
- Xestionar os recursos humanos e materiais para ofertar unha educación axustada ás demandas sociais.
- Promover a dotación de equipamento .

## b) A contribución á adquisición das competencias

As competencias clave defínense, en esencia, como un conxunto de coñecementos, capacidades e actitudes. Os coñecementos ("saber") recollen feitos, ideas e conceptos que adquirimos de maneira abstracta; pero son as capacidades ("saber facer") as que permiten utilizar e articular os coñecementos asimilados nun contexto determinado, obtendo desta maneira resultados concretos. As actitudes ("saber ser"), á súa vez, definen as mentalidades e a disposición para actuar ante determinadas ideas ou situacións.

A partir desta definición, expóñense 8 competencias claves:

1. COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL) é a habilidade de interactuar con outras persoas a través da linguaxe. Isto implica falar, pero tamén escoitar, escribir e comprender. Para iso fomentáense os debates, a lecturas e análise de textos as exposicións

orais, diálogos,...

2. COMPETENCIA PLURILINGÜE baséase na capacidade de utilizar diversas linguas para comunicarse. Ademais de mellorar e perfeccionar a lingua materna, esta competencia anima a enriquecer a comunicación dos alumnos co dominio doutras linguas. No CEIP Raiña Fabiola foméntase a utilización por igual do galego e o do castelán, e por suposto na nosa sección Bilingüe en inglés

3. COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCT ) a cal implica a comprensión do mundo utilizando o método científico, o pensamento e a representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos para transformar a contorna de maneira comprometida, responsable e sostible.

4. COMPETENCIA DIXITAL (CD) a cal implica o uso seguro, saudable, sostible, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, no traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas tecnoloxías.

5. COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER (CPAA) supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma de acordo aos propios obxectivos e necesidades. Para iso traballaremos a motivación do alumnado potenciando metodoloxías activas e ofrecerémoslles estratexias coas que planificar a aprendizaxe, supervisalo e, finalmente, avalialo. Outra dimensión que fomentaremos para adquirir esta competencia é o traballo en equipo.

6. COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS é aquela que nos remite ás competencias interculturais, interpersoais e persoais, da mesma forma que alude ao comportamento dun individuo que participa de forma eficaz na vida social e profesional, sempre de maneira construtiva.

Adquírese non só desde as materias, senón tamén a través da titoría, das asembleas de clase, das actividades da biblioteca, do traballo cooperativo, das actividades extraescolares ou complementarias.

7. SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (SIE) consiste en converter as ideas en accións. E para iso, é necesario tomar conciencia da situación e xestionar coñecementos, destrezas e habilidades para alcanzar un obxectivo final. Para que esta competencia clave desenvólvese implica empregar metodoloxías activas (aprendizaxe

cooperativa, gamificación, etc), estimular a autonomía do alumnado e que aprenda a contrastar outras experiencias, comprender a importancia de que o alumnado coñeza técnicas de investigación,...

8. COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CEC) implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Trabállase a través das celebracións establecidas na orde calendario escolar mediante actividades propostas pola biblioteca, o equipo de extraescolares ou normalización, así como a través de diferentes visitas (museos, monumentos históricos,...), realización murais de temas específicos de aula ou de centro.

Nas programacións didácticas dous distintos niveis explicitarase o xeito en que cada materia, segundo o seu perfil competencial, contribuirá ao desenvolvemento das competencias clave, concretando actividades diferenciadas.

### **c) Os criterios para incorporar elementos transversais**

Os elementos transversais son un conxunto de contidos de ensino esencialmente actitudinais que:

- Entran a formar parte en todas as áreas curriculares
- Abarcan contidos de varias disciplinas e o seu tratamento debe ser abordado desde a complementariedade.
- Non poden exporse como un programa paralelo ao desenvolvemento do currículo senón inserido na dinámica diaria do proceso de ensino-aprendizaxe
- Son transversais porque deben impregnar a totalidade das actividades do centro.

Os temas que debemos traballar son, prioritariamente, os seguintes:

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.
2. Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade

homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

3. Promoverase que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito

emprendedor a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

. No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Cada nivel contemplará nas súas programacións didácticas o tratamento dos elementos transversais relacionados cos contidos propios das materias impartidas ou relativos á contribución dos departamentos a distintos programas do centro.

Por outra banda o equipo de DNLG, o de actividades extraescolares e o de biblioteca realizarán actividades onde se reforcen todos estes elementos transversais, se integran contidos relacionadas coa convivencia, a resolución de conflitos, as habilidades sociais, o desenvolvemento persoal e emocional

#### **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

As metodoloxías educativas son un conxunto de ferramentas, técnicas, estratexias e métodos didácticos que os mestres utilizan para aumentar a participación dos estudantes e asegurarlles unha experiencia activa e significativa no proceso de aprendizaxe.

O ensino e a aprendizaxe poden ser algo complexo, xa que cada persoa adquire coñecementos de distintas formas.

Para asegurar que todos o alumnado comprendan un determinado contido, os mestres deben usar estratexias ou métodos de ensino para mellorar o seu desempeño, fixar os contidos, motivar aos nenos e nenas e darlle forma ao coñecemento.

Os criterios xenerais a aplicar son:

- Ao longo das distintas etapas favorecerase tanto a interacción dos alumnos e alumnas como a iniciativa persoal, a autonomía, a creatividade, o espírito crítico e a capacidade para comunicar o aprendido.

- A metodoloxía didáctica adoptada será fundamentalmente comunicativa, activa e

participativa, dirixida ao logro dos obxectivos e á adquisición e o desenvolvemento das competencias. Para iso procurarase a integración das aprendizaxes poñendo de manifesto as

relacións entre as materias e a súa vinculación coa realidade.

- As actividades educativas priorizarán as situacións de aprendizaxe que requiran a resolución

de problemas ou a realización de tarefas de complexidade crecente asociadas a situacións reais ou tan contextualizadas como sexa posible. En todo momento promoverase o emprego de fontes variadas de información.

- En todas as materias planificaranse actividades que fomenten a comprensión lectora, a expresión oral e escrita e o desenvolvemento da capacidade para dialogar e expresarse en público, sen prexuízo do seu tratamento específico nas materias do ámbito lingüístico.

- A comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e a comunicación serán igualmente obxecto de tratamento nas distintas materias. Deberase proporcionar

oportunidades ao alumnado para mellorar a súa capacidade de utilizar as Tecnoloxías da

Información e a Comunicación, tanto nas súas aplicacións máis xerais como naquelas vinculadas ás modalidades ou opcións elixidas. Por iso maximizarase ou aproveitamento dos

recursos tecnolóxicos que proporcionan as aulas ABALAR para o desenvolvemento da práctica docente.

- A educación en valores formará parte dos procesos de ensino e aprendizaxe, co fin de desenvolver non alumnado unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma.

- Poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada orientada a que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo o seu potencial, e na pronta resposta ás dificultades xa identificadas ou que poidan xurdir ao longo da etapa.

A metodoloxía aplicada en cada materia está recollida nas correspondentes programacións. Os distintos titores/as realizarán durante o primeiro mes de clase unha reunión informativa na que tratarán, entre outros temas, os procedementos e os criterios de avaliación especialmente que se seguirán nas diferentes materias. Ditas programacións serán publicadas na páxina web do centro.

## **e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

Utilízanse todos os recursos materiais, persoais e organizativos precisos para responder axeitadamente ás necesidades e características concretas dos nosos alumnos e alumnas.

Dende hai 10 cursos 5º e 6º de EP teñen ABALAR polo tanto utilizarán prioritariamente os materiais dixitais, para o cal o alumnado disporá de ordenadores portátiles para o uso no centro.

Para facilitar o uso das novas tecnoloxías, todas as aulas están dotadas de canón de vídeo, taboleiro dixital e ordenador do profesor. Con acceso a internet.

Todo o centro ten WIFI, o que permite o acceso a Internet dende calquera punto do mesmo.

A aula de informática e a Biblioteca están á disposición do profesorado tanto para impartir as sesións lectivas como para organizar actividades nos tempos de lecer, respectando as prioridades que se detallan nas NOFC do centro.

As materias nas que se decida utilizar un libro de texto deberán aterse ao sinalado na ORDE do 29 de maio de 2013



pola que se determina o período de vixencia dos libros de texto e demais materiais curriculares, segundo a cal os libros de texto, unha vez seleccionados, terán unha vixencia de seis cursos académicos e só poderán substituírse cando circunstancias excepcionais ou de carácter pedagóxico ou científico o aconsellen, e así o determine a xefatura territorial correspondente desta consellería, logo do informe de inspección educativa, previa solicitude do centro.

A relación de libros de texto e material didáctico curricular será publicada cada curso académico na web do centro e no taboleiro de anuncios.

Promoverase que os libros de texto e demais materiais Os fondos bibliográficos e audiovisuais da Biblioteca Escolar estarán a disposición de toda a comunidade educativa.

A Biblioteca escolar, facendo uso dos fondos do Plan de Mellora de Bibliotecas da asignación establecida nos gastos de funcionamento do centro, dá prioridade á adquisición dos libros que sexan seleccionados para inculcar o pracer da lectura, con libros recomendados con fins educativos e que fomenten a igualdade entre homes e mulleres e non conteñan estereotipos sexistas ou discriminatorios.

## **f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**

O centro imparte ensinanzas de:

- 2º ciclo de Educación Infantil (EI)
- Educación Primaria (EP)

Ao principio de cada curso escolar os pais, nais ou titores legais poderán optar polas ensinanzas de relixión ou atención educativa en Infantil, en 1º, 3º e 5º de EP escollerán entre relixión ou proxecto competencial e, en 2º, 4º e 6º decidirán entre relixión ou valores éticos

## **g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

Moitas das celebracións coordinaranse conxuntamente co Equipo de Normalización Lingüística e o Equipo de Biblioteca. Ademais de organizarse en colaboración con todos os membros do Claustro.

En primeiro lugar, debemos ter en conta as conmemoracións de obrigada celebración, como mínimo, que se recollen no Anexo 1 da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares encargarase de promover, organizar e facilitar ditas actividades. Ambas contribúen de forma decisiva ao desenvolvemento do proceso educativo, tanto no seu aspecto académico como no ámbito referido á socialización do alumnado e á súa integración coa contorna.

OBXECTIVOS:

- Colaborar na organización de festas e conmemoracións.
- Planificar, coa colaboración do profesorado de cada etapa e curso, as actividades que se propoñan.
- Fomentar a participación do equipo docente nas actividades que complementen o currículo de cada unha das etapas.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

E. Infantil

- Saídas polo entorno Asistencia a unha obra de teatro
- Magosto Samain Nadal
- Actividades con empresas ou entidades deportivas Actividades do Concello de Santiago, Empresas, Centros Comercias.
- Entroido Actividades do Concello de Santiago, Empresas, Centros Comercias...
- Teatro Actividades con empresas ou entidades deportivas
- Fin de Curso Letras Galegas
- Actividades con empresas ou entidades deportivas
- Actividades e lugares vencellados a artes escénicas (gratuítas ou de pago), fora ou dentro do centro educativo.
- Obradoiros con persoas da comunidade educativa (expertos)
- Museos da cidade.
- Visitas ao patrimonio da cidade.
- Aqueloutras que o grupo docente estime pedagóxicamente oportunas realizar, para o desenvolvemento holístico do alumno/a.

#### E. Primaria 1º e 2º

- Participaremos en todas as actividades organizadas polos equipos do centro para as distintas celebracións que se levarán a cabo durante o curso : Magosto, Samaín, día da Paz, Entroido.
- Participaremos noutras actividades programadas dende o centro, Concello e outras institucións , tanto extraescolares como complementarias.

Faremos saídas pola contorna .

- Quedan pendentes de concretar outras posibles saídas que poderíamos realizar ao longo do curso se foran de interese en relación cos temas que se estean traballando.
- Saída a final de curso fora da localidade, aínda por determinar.

#### E. Primaria 3º e 4º

O alumnado dos niveis de 3º e 4º de Primaria participarán en tres saídas ao longo do curso, unha por trimestre.

- Nos dous primeiros programaranse en base ao estudo da oferta que se reciba dentro da contorna, en sesión parciais de horario.
- No terceiro trimestre está previsto unha excursión de fin de curso con carácter de xornada completa.
- Participación no Proxecto Terra ¿Eu son inspect@r urbanístic@, coida do territorio, coida do teu¿.

#### E. Primaria 5º e 6º

- Saída aos Museos científicos da Coruña, no 2º trimestre.
- Saída/ percorrido pola zona vella de Santiago.

- Visita ao Parlamento e Xunta de Galicia. 2º trimestre.
- Plan director para a mellorada convivencia e seguridade nos centros (Policía).
- Conferencia sobre ¿A muller na ciencia¿ polo CSIC.
- Actividades solicitadas, pendentes de confirmación, a cargo do CSIC:
  - Cultivo in vitro de especies leñosas
  - Xerminación e elongación reticular
  - Extracción do ADN dunha froita
- Participación no Proxecto Terra ¿Eu son inspect@r urbanístic@, coida do territorio, coida do teu¿.
- Saída a Meteogalicia no 3º trimestre.
- Aqueloutras que o grupo docente estime pedagóxicamente oportunas realizar, para o desenvolvemento holístico do alumno/a.

Saída final de curso ( posible excursión Picos de Europa para 6º curso) / Etapa, sen determinar

O s p a r t i c i p a r á n n a q u e l a s  
o u t r a s a c t i v i d a d e s d e s q u e  
s e x a n o f e r t a d a s a o c e n t r o p o l o s  
diferentes organismos (concello,xunta,editoriais...) sempre e cando se consideren axeitadas para o alumnado e para a marcha do curso escolar,polo tanto estas saídas poderán variar ou ampliarse ao longo do curso. As saídas escolares poderán exceder o horario habitual da clase ,podendo durar ata as 20h da tarde

Seguindo a ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, algunhas das datas conmemorativas que se poderán traballar son:

#### CONMEMORACIÓNS CURSO 2022-2023

- 20 de novembro de 2022: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2022: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2022: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2022: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2022: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2023: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2023: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2023: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2023: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2023: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 6 ao 10 de marzo de 2023: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na

- 1 de abril de 2023: Día das Artes Galegas.
  - 7 de abril de 2023: Día Mundial da Saúde.
  - Do 17 ao 21 de abril de 2023: Semana do Libro.
  - 2 de maio de 2023: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
  - 9 de maio de 2023: Día de Europa.
  - Do 15 ao 19 de maio de 2023: Semana das Letras Galegas.
  - 5 de xuño de 2023: Día Mundial do Medio Ambiente.
- De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas

co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

- A NIVEL XERAL DE CENTRO está previsto:

#### PROGRAMAS E PROXECTOS

- Plan de Autoprotección (Simulacro de evacuación) no centro, levado a cabo por todo o profesorado.
- Fomento da lectura dende a biblioteca do noso colexio, realizado polo Equipo de Biblioteca Escolar.
- Obras de teatro, danza, música ou monicreques (sempre que se cumpran as medidas de prevención oportunas, en cada caso concreto se considerará da realización destas saídas).
- Todo tipo de charlas e obradoiros ofertados polo Concello, ou outras entidades que se consideren relevantes para o noso alumnado.
- Colaboración en traballos con institucións.

#### CAMPAÑAS

- Recollida de roupa ou alimentos con fins benéficos.
- Recollida de pilas
- Participar naquelas outras que xurdan ao longo do curso e que os docentes do equipo de ciclo considere pedagoxicamente axeitadas á programación.

#### - SAÍDAS FÓRA DO CENTRO EDUCATIVO

Realizaranse todas as saídas e actividades que o ciclo ou nivel considere oportunas dentro do Concello de Santiago.

Programaranse, e cando o equipo docente o crea conveniente, atendendo ás ofertas do Concello e outros organismos que polo de agora aínda non fixeron pública a súa oferta, concretándoas no intre en que se reciban, sen necesidade de convocar novo Consello Escolar sempre que se realicen dentro do Concello de Santiago. O alumnado irá acompañado do profesorado que as organice ou en quen delegue co seu consentimento e co apoio de outros mestres ou mestras cando a situación do curso así o requira.

## **h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

No DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia non se contempla o deseño de plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias pendentes de cursos anteriores en primaria. Sen embargo, o mesmo decreto, establece que "O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior".

Segundo iso, o/a alumno/a que promocióne con materias pendentes, con dificultades de aprendizaxe persistentes, se tiña reforzo educativo co mestre de PT/ AL segundo o caso, e as dificultades que presenta, continuará con dito reforzo.

Se non tiña reforzo PT/AL, valorarase a posibilidade de que o reciba, así como o apoio dun mestre con liberación horaria.

Propostas concretas:

Realización de actividades de reforzo.

Elaboración de estratexias cara a mellora de técnicas e hábitos de estudo.

Mellora do cálculo e da resolución de problemas.

Programas para a mellora da lectoescritura e da comprensión lectora.

Actividades para o desenvolvemento dos procesos cognitivos básicos.

Actividades para mellorar a motivación do alumno.

Modificacións na secuencia dos contidos e estratexias metodolóxicas, co fin de que os nenos/as se sintan seguros e con sensación de capacidade.

Programas de extinción de condutas disruptivas e introdución de boas habilidades sociais.

Avaliación trimestral das medidas adoptadas, dentro das sesións de avaliación.

Se persisten as dificultades, realizar unha avaliación psicopedagóxica co fin de descartar

a existencia de necesidades específicas de apoio educativo.

## **i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

Os criterios a seguir serán os reflectidos na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación recolle o seguinte:

1. Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permaneza un ano máis no

mesmo curso, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.

g) Acreditación da información á familia.

3. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e,

de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma

sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

4. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso

en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia

pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa

que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a

materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

## **j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da

etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen

no DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos en dicha adaptación, sin que isto poida impedirle a promoción ao curso ou etapa seguinte.

2. A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenrolo das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

3. No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna o de un alumno no sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas se adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

4. Na avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos y adaptados a las distintas situacións de aprendizaxe que permitan la valoración obxectiva de todo o alumnado. 5. A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo y será un instrumento para a mellora tanto nos procesos de ensino como nos procesos de aprendizaxe. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como o procesos e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

1. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e a consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de maneira colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

2. O alumnado que consiga a promoción do curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios

necesarios para recuperar as aprendizaxes que non acadadas no curso anterior.

3. O alumnado que non consiga a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase una medida de carácter excepcional e tomarase si, tras aplicar las medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular o as dificultades de aprendizaxe da alumna o alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis axeitada

para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna o alumno poida acadar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes.

A decisión de permanencia no mesmo curso só poderá adoptarse una vez durante a etapa, tras oír ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

4. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias clave de cada alumna ou alumno no que indique, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo ou etapa seguinte.

5. A fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe sobre a súa evolución e o grao de desenrolo das competencias clave.

#### AVALIACIÓN NO 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Será continua, formativa e global.

Referentes: Obxectivos xerais da etapa e área, competencias básicas e os criterios de avaliación.

Momentos do proceso avaliador:

Avaliación Inicial: Realizárase no momento da incorporación do alumno:

En 4º Infantil despois do período de adaptación

- Grao de desenvolvemento das competencias básicas.

- Información das familias.

Avaliación Procesual:

- Continua ao longo do Ciclo.

- Sesións ao longo de cada curso.

- Informe individualizado ao final de cada curso.

Avaliación Final: Ao termo do Ciclo realizárase un informe individualizado que debe recoller:

- Logros no seu proceso de desenvolvemento.

- Adquisición das aprendizaxes.

- Aspectos que condicionen o seu proceso educativo.

- Medidas de reforzo e adaptación que se tomaron.

## AVALIACIÓN NA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Referentes: Obxectivos da etapa e área, competencias básicas e criterios de avaliación.

As decisións adoptaranse por consenso do equipo de profesores que incida sobre o alumno primando o criterio do profesor/a titor/a.

Momentos do proceso avaliador:

Avaliación Inicial: Ao comezo de cada Ciclo

- Aplicarase unha proba específica.

- Esta avaliación non se cualifica.

- Os alumnos de incorporación tardía ao noso sistema educativo, realizarán esta proba no momento da súa incorporación ao Centro.

Avaliación Procesual:

- Sesións con periodicidade trimestral dentro do período lectivo.

### **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresainde ao rematar educación primaria en varias áreas e que demostren un rendemento académico excelente.

### **l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias**

A programación didáctica, que será única para o mesmo nivel, deberá ser o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o equipo docente do mesmo.

As programacións didácticas dos cursos LOMLOE, primeiro, terceiro e quinto de educación primaria, serán realizadas na aplicación informática de programacións «Proens».

Ditas programacións incluírán os seguintes elementos:

1. Introducción
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias
  - 3.1. Relación de unidades didácticas
  - 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas
  - 3.3. Avaliación das unidades didácticas
4. Concrecións metodolóxicas



#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

##### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

##### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

##### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

##### 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

#### 6. Medidas de atención á diversidade

##### 7.1. Concreción dos elementos transversais

##### 7.2. Actividades complementarias

##### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

##### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

##### 9.1. Distribución CA por UD (por OBX)

##### 9.2. Distribución CA por UD (por Bloque)

##### 9.3. Orientacións pedagóxicas: Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe

As programacións didácticas de segundo, cuarto e sexto cursos de educación primaria serán realizadas segundo o recollido na LOMCE

Ditas programacións incluírán os seguintes epígrafes:

#### 1. Introducción e contextualización

#### 2. Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

#### 3. Concreción de obxectivos por curso.

4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.

#### 5. Concrecións metodolóxicas da materia.

#### 6. Materiais e recursos didácticos.

#### 7. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente. 11. Actividades complementarias e extraescolares.

12. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora.

### **m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

O CEIP Raiña Fabiola prevé a participación en proxectos, plans e programas que contribúan para atención á diversidade, a inclusión, as TICS e a innovación educativa. Será a dirección a que informe no comezo do curso ao resto da comunidade educativa a este respecto. E para iso o centro determina as seguintes estratexias:

1. Convócase claustro e infórmase dos plans e proxectos que existen e anímase a participar a todos os seus membros.
2. A dirección do centro analiza a viabilidade de levalos a cabo.
3. Os proxectos, plans e programas seleccionados inclúense na PXA e aprobaranse no Claustro e posteriormente, no Consello Escolar ¿.
4. A partir dos plans e proxectos aprobados poderanse crear un ou varios grupos de traballo relacionado e todos os implicados no proxecto deben comprometerse a participar activamente nel.

### **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

O CEIP Raiña Fabiola traballa o currículo e as medidas de atención á diversidade establecidas pola Consellería de Educación adaptándoas ás características do alumnado e a súa realidade educativa, co fin de atender a todos e todas. Polo tanto, a concreción curricular é un documento flexible que ao final de cada curso (ou incluso dentro do mesmo) pode ter que ser revisado en función dun cambio de lexislación ou debido a un cambio metodolóxico importante no proceso de ensino - aprendizaxe.

Corresponderá á Comisión de Coordinación Pedagóxica analizar e revisar anualmente o funcionamento do Proxecto Educativo.

As propostas de modificación da Concreción Curricular someteranse á aprobación do Claustro de profesores e do Consello Escolar